

Que se necesita?

Que che guste probar **cousas novas**.

Que te **comprometas** a participar no programa todo o curso.

Que che interese **axudar** a outros/as compañeiros/as.

Que sexas **respectuoso** e os demais poidan confiar en ti.

Que teñas **facilidade de palabra**

CONFLICT:
RESOLVED
CONTINUED

Que sexas **paciente e tranquilo** e che guste escoitar.



IES ÁNXEL FOLE



EQUIPO DE MEDIACIÓN



IES
ÁN
XEL
FO
LE

Unha mediadora ou mediador escolar é a persoa que intervéñ nunha discusión ou conflito para que os afectados poidan acadar un acordo



Podemos falar da mediación como “innovación” na resolución de conflitos.

A mediación como unha ferramenta preventiva non só para resolver conflitos, senón para como afrontar os problemas do día a día que lle xorden aos mozos e mozas.

Estamos a falar de potenciar mozos e mozas comprometidos cunha forma diferente de abordar as problemáticas sociais

Abordar e profundar na mediación é preparar en habilidades sociais como a empatía, o saber escoitar, a asertividade, o diálogo,...

Descrición dos beneficios de ser mediador para o alumnado



As mediadoras e os mediadores aprenden técnicas de solución de problemas que logo poden utilizar con amigos, en casa, etc.

As mediadoras e os mediadores axudan a que a convivencia no centro sexa mellor.

Os mediadores e as mediadoras participan nun adestramento especial de mediación e obteñen un certificado.

Os mediadores e as mediadoras axudan a outros/as alumnos/as a solucionar constructivamente os seus problemas.